



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “TÁBOAS INPUT-OUTPUT DA PESCA GALEGA 2019”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 16 de xullo de 2019 ata o 31 de decembro de 2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actuacións e traballos necesarios para elaborar as táboas Input-output da pesca galega 2019 p

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería do Mar ten entre as súas competencias as relativas a innovación , a investigación mariña e as relativas a divulgación e transferencia tecnolóxica sobre o mar e a pesca, que executa tanto a través dos seus propios recursos e programas como en colaboración con outras entidades, apoiando as accións que coinciden cos obxectivos da Consellería.

Que na consecución deste obxectivo as táboas Input-Output da pesca galega constitúen un dos mellores instrumentos para dimensionar a importancia e a realidade do sector por canto miden a súa dimensión e a súa relación con outros sectores da economía.

Que as citadas táboas foron elaboradas nos anos 1995, 1999 y 2011 polo que dado o tempo transcorrido dende a elaboración das últimas, faise evidente que estas non reflicten a realidade actual da pesca en Galicia dados os importantes cambios cualitativos e operativos operados a partir do 2011.

Faise necesario actualizar esa ferramenta, elaborando unhas táboas que recollan a realidade no ano 2019 e que ademais proporcionen unha información de carácter global que poida apoiar a posición da Comunidade Autónoma de Galicia ante a Unión Europea.

Que a Universidade de Santiago de Compostela e a única que conta con equipos que xa





elaboraron este tipo de táboas para a pesca galega o que permite garantir unha comparación coas anteriores coa máxima coherencia metodolóxica.

Que o interese público, social e económico das táboas Input-Output reside na utilidade que as mesmas representan para os diversos axentes económicos que teñen interese no sector pesqueiro de Galicia, xa sexan empresas, corporacións de dereito público (confrarías), asociacións de armadores e tamén as diferentes Administracións Públicas.

Que as citadas táboas relativas tanto á pesca como ao sector conserveiro de Galicia son unha importante ferramenta de análise económico de carácter sectorial indispensable para o coñecemento da súa realidade económica e das súas relacións de interdependencia con outros sectores da economía.

Que contar con ese tipo de ferramenta debidamente actualizada é fundamental tanto para a propia consellería como para o resto das Administracións Públicas e en xeral, para toda a sociedade galega e resulta de interese xeral para a planificación e a toma de decisións nos diferentes ámbitos subsectoriais da pesca.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

